

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA 11 DE AGOSTO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **ONCE DE AGOSTO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Alcaldesa **DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos concelleiros **D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, **DONA MARGARITA CAMPOS ESPIÑO**, e **D. MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e do Secretario en funcións da Corporación **DON JULIO MÉNDEZ CASTRO**.

A Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- SUBVENCIONS.**

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIONS.**

**3º.- URBANISMO.**

**4º.- OUTROS ASUNTOS.**

**5º.- APROBACIÓN DE FACTURAS.**

**6º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**1º.- SUBVENCIONS.-**

**1.1.-** Dase conta por parte da Alcaldesa da notificación da Consellería de Traballo e Benestar, Secretaría Xeral de Familia e Benestar da **RESOLUCIÓN** de concesión de subvención para **“AXUDA NO FOGAR A PERSOAS VALORADAS COMO DEPENDENTES”** para o ano 2011 por un importe de 82.633,12.- €.

A Xunta de Goberno queda enterada desta resolución.

**1.2.-** Dase conta por parte da Alcaldesa da notificación da Consellería de Traballo e Benestar, Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da **RESOLUCIÓN** de concesión de subvención para **“FOMENTO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO”** para o ano 2011 por un importe de 1.667,74.- €.

A Xunta de Goberno queda enterada desta resolución.

1.3.- Dase conta por parte da Alcaldesa da notificación de Presidencia, Secretaría Xeral para o Deporte do incumprimento das obrigas, logo do proceso de xustificación da subvención “PARA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS”, concedida a este Concello mediante Resolución do 11 de outubro de 2010, por un importe de 8.850,00 €, requirindo que no prazo máximo de 10 días se proceda á subsanación das deficiencias seguintes:

- “Os proxectos que se subvencionan terán que publicitar a colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, tanto durante a instalación do equipamento como posteriormente, mediante un cartel que se exhibirá en sitio ben visible...”

A Xunta de Goberno queda enterada desta resolución e acorda ordear a colocación dos correspondentes carteis.

## 2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Dase conta do escrito enviado polo Valedor do Pobo por mor da queixa presentada ante esa Institución por Dna. Silvia Caramés González en relación coa existencia dun saneamento deficiente no lugar de Toiriz. A Sra. Alcaldesa informa de que este escrito foi contestado o día 9 de agosto, enviando copia do informe solicitado á empresa Espina y Delfin (concesionaria do Servizo Municipal de Augas de Silleda) e comunicando que á vista deste informe iniciará as actuacións necesarias para solventar a cuestión plantexada.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.2.- A Sra. Alcaldesa da conta do informe solicitado á Policía Local sobre a existencia de postes de telefónica e tensores de aceiro que entrañan perigo pola súa localización na Rúa do Chousiño.

Á vista do informe emitido polos axentes, no que confirman a inadecuada colocación dos mesmos e o perigo que elo supón, a Xunta de Goberno Local acorda instar á empresa TELEFÓNICA para que proceda á retirada dos mesmos.

2.3.- Dase conta da solicitude de CAYETANO VIEITEZ, S. L. no que solicita a devolución dun aval presentado no Concello en garantía de: “Construcción dun edificio de planta soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, planta primeirapara pensión dunha estrela, planta segunda, terceira e cuarta para 6 vivendas e planta baixo para trasteiros-tendedeiros”.

Á vista do informe solicitado ó Arquitecto Técnico Municipal, no que literalmente di: “*Al Técnico que suscribe no le consta que las obras citadas estén finalizadas y con la documentación técnica correspondiente, a los efectos de cumplir los requisitos para la devolución del aval depositado*”, a Xunta de Goberno dacordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade acorda:

1º.- Rexeitar a solicitude ata que as obras estén totalmente finalizadas.

2º.- Notificar este acordo a Cayetano Vieitez S.L.

2.4.- Dase conta do escito remitido por AUGAS DE GALICIA no que comunica unha modificación de resolución no expediente de “recoñecemento do dereito e inscrición no Rexistro de Augas”, do que é titular D. José Martínez Naveiro

A Xunta de Goberno queda enterada desta notificación.

2.5.- Pola Alcaldesa dase conta da carta remitida a Esther Rozados Fernández Rozados, en nome de Construcciones Estevo, S. L., en contestación ó escrito presentado por esta Empresa con data 2 de agosto no que acompañaba unha factura na que figuraba o concepto “**Arrendamento de nave industrial sita na parcela nº 13 do Parque Empresarial Área 33 en Silleda, correspondente ao mes de xullo**” e no que manifestaba estar á espera da entrega das chaves por parte do Concello.

Nesta carta comunicaselle que non se dará a tramitación ordinaria a esta factura, por ser un concepto indebido, xa que a relación con esta Empresa finalizou o último día do mes de Xuño de 2011, e no referente á entrega das chaves, éstas foron entregadas despois de cumprir a súa esixencia de reparación das instalacións dos sanitarios.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido e do envío desta carta.

2.6.- Dase conta de escrito presentado por DONA MARÍA DEL CARMEN SOBRADO IGLESIAS de RECLAMACIÓN PREVIA POR DESPIDO.

A Xunta de Goberno Local acorda dar teraslado do mesmo ós servizos xurídicos do Concello para o seu estudio e tramitación.

2.7.- Infórmase por parte da Alcaldesa do próximo envío ós propietarios de terreos situados no termo municipal que non se atopen nas debidas condicións de hixiene, salubridade e seguridade, dunha comunicación informativa para que cumpran coas obrigas recollidas na Ordenanza de Convivencia, Residuos, Limpeza Viaria e Ornato do concello que entrou en vigor o once de agosto deste ano.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o texto da comunicación interna, a cal transcribese a continuación, e proceder ó envío da mesma.

*“Estimado/a veciño/a:*

*Dirixome a vostede para poñer no seu coñecemento que en data once de agosto do presente ano, entrou en vigor a ORDENANZA DE CONVIVENCIA, RESIDUOS, LIMPEZA VIARIA E ORNATO DO CONCELLO DE SILLEDA.*

*No artigo 77.1 (Título III. Capítulo I) da referida Ordenanza recóllese textualmente o seguinte: "Os propietarios de terreos situados no termo municipal deberán mantelos nas debidas condicións de hixiene, salubridade e seguridade. Para iso, realizarán as tarefas de mantemento necesarias co fin de que permanezan limpos de maleza, evitando que as augas de escorrentías e as ramas das árbores afecten ao espazo público. Esta obriga comprende tamén a esixencia de desratización e desinfección dos citados terreos, cando estean próximos ás vivendas".*

*Igualmente, no artigo 80 do citado texto, e no relativo ao procedemento a seguir, recóllese o seguinte: "O Concello, nos supostos recollidos neste título e logo do trámite de audiencia aos interesados, requiriralles que, no prazo que se lles indique, realicen as obras ou operacións necesarias para manter os terreos nas debidas condicións de hixiene, seguridade, salubridade, ornato público, e, de ser o caso, valado.*

*O incumprimento da orde de execución municipal determinará a execución subsidiaria ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterábles ata lograr a execución do ordenado, sen prexuízo, se cómpre, da apertura do correspondente expediente sancionador.*

*En caso de emerxencia debidamente acreditada, o Concello poderá proceder á limpeza e á adopción das medidas provisionais oportunas, sen prexuízo dos trámites de execución seguintes e das sancións que correspondan".*

*Dada a súa condición de titular de terreos que están afectados pola Ordenanza recentemente aprobada, e antes de iniciar procedemento algún, solicitámoslle iniciase canto antes as tarefas de mantemento necesarias coa finalidade de que o/os predio/s de súa propiedade permanezan limpos, en cumprimento das obrigas recollidas no texto articulado cuia aplicación é inmediata.*

*Sen outro particular, reciba un cordial saúdo."*

### **3º.- URBANISMO.-**

**3.1.-** Examinado o expediente promovido por D. Paulino Sánchez Chao, en representación de INDEPENDENCIA 2, S. A., solicitando Licencia para "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN ANEXA EXTERIOR DO PAZO DE TRASFONTAO", segundo proxecto básico e de execución do Arquitecto D. Paulino Sánchez Chao.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 9 de agosto de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

- Remiti-lo expediente completo á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, a fin de que emita informe de conformidade previo sobre o proxecto a desenvolver de cara á posterior concesión de licenza municipal de obra.

**3.2.-** Examinado o expediente promovido por D. ANDREA GRUGNETTI, solicitando

Licencia para "REHABILITACIÓN DUN ANEXO PARA ALBERGUE TURÍSTICO DUNHA ESTRELA E CAFETERÍA DUNHA TAZA", no lugar de Iglesia, nº 8 - Dornelas, segundo anteproxecto do Arquitecto D. Santiago Romarís García.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 10 de agosto de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

- Remiti-lo expediente completo ó Servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, a fin de que emita informe de cara á obtención da perceptiva autorización autonómica e posteriormente á Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Turismo para que emita autorización previa de cara á continuación da tramitación do expediente.

**3.3.-** Dase conta por parte da Alcaldesa da inspección realizada á obra executada por D. JOSÉ LUIS GONZÁLEZ SOTO consistente, según licenza urbanística obtida polo interesado en: *Construcción de peche parcial de finca (30 metros de longo) na parcela nº 87 do polígono 68, de referencia catastral 36052A068000870000KY, sita en Corrospedriños, 7 - Refoxos (Silleda)*

Vistos os informes da Policía Local e do Técnico Municipal, nos que se manifesta que a obra realizada non se axusta ó solicitado na licenza e non garda os retranqueos ó trazado actual do camiño de uso público, a Xunta de Goberno Local, dacordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade acorda:

1º.- Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística dacordo co artigo 210 da Ley 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

2º.- Ordear a suspensión inmediata das obras que se están realizando na citada parcela.

3º.- Ordear, como medida cautelar, o precintado das obras obxecto de suspensión.

4º.- Notificarlle o presente acordo a Dº José Luis González Soto, para que poida examinar o expediente e presentar as alegacións que estime oportunas, otorgándolle un prazo de dez días. Asimesmo, dase audiencia ós interesados que aparezcan no expediente para que, no mesmo prazo, aleguen o que estimen pertinente.

5º.- Notificar ó Rexistro da Propiedade a incoación do procedemento de reposición de legalidade, para súa publicidade e práctica dos asentos oportunos.

**3.4.-**Dase conta por parte da Alcaldesa da inspección realizada á obra executada por DNA. ISABEL MACEIRA VIÉITEZ E DON RAMÓN CUIÑA MACEIRA consistente, según licenza urbanística de obra menor obtida polo interesado en: *Sustitución do material de cubrición da cuberta e limpeza e rexuntado dos muros de pedra que conforman as fachadas da vivenda unifamiliar e anexo situados na finca 214, polígono 503 do plano catastral, no lugar de Cornado, parroquia de Chapa (Silleda)*

Vistos os informes da Policía Local e do Técnico Municipal, nos que se manifesta que a obra que se está realizando trátase da reconstrucción de unha edificación existente, deducíndose que se encadran dentro de OBRA MAIOR debido á natureza da reconstrucción, entidade e cuantía económica, debéndose por tanto axustar ás consideracións de OBRA MAIOR, a Xunta de Goberno Local, dacordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade acorda:

1º.- Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística dacordo co artigo 210 da Ley 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

2º.- Ordear a suspensión inmediata das obras que se están realizando na citada parcela.

3º.- Ordear, como medida cautelar, o precintado das obras obxecto de suspensión.

4º.- Notificarlle o presente acordo a Dª Isabel Maceira Viéitez e Dº Ramón Cuiña Maceira, para que poida examinar o expediente e presentar as alegacións que estime oportunas, otorgándolle un prazo de dez días. Asimesmo, dase audiencia ós interesados que aparezcan no expediente para que, no mesmo prazo, aleguen o que estimen pertinente.

5º.- Notificar ó Rexistro da Propiedade a incoación do procedemento de reposición de legalidade, para súa publicidade e práctica dos asentos oportunos.

#### **4º.- OUTROS ASUNTOS.**

Por parte do 1º Tenente de Alcalde, D. Manuel Cuiña Fernández, propónse tomar un acordo na Xunta de Goberno Local en relación coas traídas de augas que se realicen no futuro nas parroquias que o necesiten e que así o demanden.

Como norma xeral, todas as traídas de augas que se realicen no futuro deberán ser conectadas á rede municipal, sempre e cando esta conexión sexa posible técnicamente. As obras que se executen para realizar as novas traídas que sexan financiadas total ou parcialmente polo Concello, terán que someterse obrigatoriamente a esta norma.

A Xunta de Goberno amósase dacordo e aproba a proposta realizada polo 1º Tenente de Alcalde.

#### **5º.- APROBACIÓN DE FACTURAS.**

Preséntanse para a súa aprobación dúas relacións de facturas, unha delas a proposta do Concelleiro de Cultura, D. Matías Rodríguez Da Torre, e pertencentes ó seu departamento, e outra proposta pola Sra. Alcaldesa referentes a outras concellalías.

A continuación se relacionan todas as facturas aprobadas:

CONCELLALÍA DE CULTURA:

| Texto  | N.I.F.    | Razón social interesado                              | Núm.Fac. | Data Fac.  | Rec-Des/IV.A.                      |
|--|-----------|--|----------|------------|------------------------------------|
| LUDOTECA ITINERANTE<br>ROMARÍA DO RAPAZ<br>2011  | B15984065 | ANTAXURADA, S. L.                                    | 67/2011  | 27/06/2011 | 400,00                             |
| HORAS DE TALLER<br>GRÁFICO                       | 33282428W | MIGUEL DOMÍNGUEZ ALCOBRE                             | 11016    | 30/06/2011 | 354,00                             |
| ALUGUER EQUIPO DE<br>SON FESTA SILLEDA<br>DÍA 10 | B94001088 | SONIDO E ILUMINACIÓN<br>GOYPLASON, S. L.             | 211030   | 10/07/2011 | 1.000,00                           |
| ACTUACIÓN NA FESTA<br>DE SILLEDA                 | G36266682 | ASOCIACIÓN CULTURAL<br>BANDA DE MUSICA DE<br>SILLEDA | 03/10    | 14/07/2011 | 2.700,00                           |
| ACTUACIÓN NAS FESTAS<br>DE SILLEDA               | G36124899 | ASOCIACIÓN CULTURAL O<br>MEIGALLO                    | 1 2011   | 10/07/2011 | 1.500,00                           |
| TOTAL  |           |  |          |            | <b>5.954,00</b><br><b>5.954,00</b> |

**OUTRAS CONCELLALÍAS:**

| <b>Texto</b>                                       | <b>N.I.F.</b> | <b>Razón social interesado</b>            | <b>Núm Fac.</b> | <b>Data Fac.</b> | <b>Rec-Des/I.V.A.</b>                |
|--|---------------|---|-----------------|------------------|--------------------------------------|
| ORGANIZACIÓN BAILE DE CARNAVAL NO RECINTO SEMANA V | G36023778     | ASOCIACIÓN FERIAL SEMANA VERDE DE GALICIA | 04/2011         | 31/03/20         | 259,60                               |
| SUSCRIPCIÓN 01-05-2011/30-04-2012                  | A15000391     | EL CORREO GALLEGO (EDITORIAL COMPOSTELA)  | 01316998        | 01/05/20         | 374,00                               |
| MANTENIMIENTO INFORMÁTICO E SOPORTE CONTABLE MAIO  | B36461242     | CONTALOCAL S.L.                           | 1100124         | 31/05/20         | 569,59                               |
| RENTING DUAS FOTOCOPIADORAS                        | B36399087     | DIN. DOCUMENTACION E IMAGEN DEL NOROESTE  | 114495          | 31/05/20         | 262,79                               |
| FACTURACIÓN COPIAS MÁQUINAS                        | B36399087     | DIN. DOCUMENTACION E IMAGEN DEL NOROESTE  | 114054          | 30/05/20         | 47,00                                |
| FACTURACIÓN MAIO                                   | A82018474     | TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.                 | 60-E198-127674  | 28/05/20         | 2.344,20                             |
| FACTURACIÓN MAIO                                   | A82018474     | TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.                 | 60-E198-127675  | 28/05/20         | 10,51                                |
| FACTURACIÓN MAIO CONCELO E XULGADO                 | Q2817025F     | JEFATURA PROVINCIAL DE CORREOS Y TELEGRA  | 4000732882      | 31/05/20         | 195,36                               |
| SERVIZO CENTRO SOCIAL DE MAIORES                   | A36115038     | EMPRESA LAZARA, S. A.                     | 281/11          | 10/06/20         | 201,42<br>399,60                     |
| SEGURO E4477BDD                                    | A28141935     | MAPFRE FAMILIAR, S. A.                    | 366519929       | 22/06/20         | 162,37                               |
| FACTURACIÓN XUÑO                                   | A78923125     | TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.            | 28-F186-794592  | 01/06/20         | 1.496,05                             |
| MATERIAL VOLUNTARIADO                              | A36651313     | VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.              | 113             | 30/06/20         | 178,89                               |
| TEMPO DE PRESTACIÓN PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOG | B36582286     | SERVIZO INFANCIA E TERCEIRA IDADE, S. L.  | L/64            | 30/06/20         | 997,27                               |
| PROGRAMA BALNEARIOS DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA       | A10005510     | VIAJES HALCON                             | 111000155928    | 07/07/20         | 736,00                               |
| ENVÍOS CORRESPONDENCIA                             | Q2817025F     | JEFATURA PROVINCIAL DE CORREOS Y TELEGRA  | 4000749968      | 30/06/20         | 166,82                               |
| FACTURACIÓN XUÑO 2011                              | A82018474     | TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.                 | 60-F198-126058  | 28/06/20         | 160,56<br>2.345,35                   |
| FACTURACIÓN XUÑO 2011                              | A82018474     | TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.                 | 60-F198-126059  | 28/06/20         | 9,01                                 |
| SUMINISTRO GAS                                     | A28076420     | REPSOL BUTANO, S.A.                       | 1024344805      | 07/07/20         | 17,25                                |
| SERVIZOS MES DE XUÑO                               | B36307270     | COESCO DEZA, S. L.                        | 221             | 30/06/20         | 65,34                                |
| FACTURACIÓN XULLO 2011                             | A78923125     | TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.            | 28-G186-898966  | 01/07/20         | 2.109,53                             |
| MATERIAL PISCINAS MUNICI PAIS                      | B36322105     | AQUIMIAN ESPAÑA, S.L.                     | 2110424         | 15/07/20         | 3.750,65                             |
| <b>TOTAL</b>                                       |               |   |                 |                  | <b>16.869,16</b><br><b>16.869,16</b> |

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación destas facturas.**



**6º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo intervencións.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as catorce horas dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario accidental, dou fe.

A Alcaldesa,



O Secretario en funcións,

